



TREMEDAL - LIFE11 NAT/ES/707

SEMINARIO FINAL LIFE TREMEDAL

Pamplona, 22-23 de outubro de 2015

Presentación

O Seminario Final do LIFE+ TREMEDAL "Humidais continentais do norte da Península Ibérica: Xestión e restauración de turbeiras e medios higrófilos" ten por obxecto compartir a experiencia e o coñecemento xerados durante o desenvolvemento das distintas accións do proxecto, tanto a nivel divulgativo, como técnico e científico.

Quérese, ademais, compartir e complementar a experiencia de TREMEDAL con outros proxectos similares que veñen a desenvolverse a nivel europeo. Para iso contarase coa participación no seminario de expertos en distintos campos relacionados coa xestión de humidais e cos membros do Comité Internacional de Asesoramento do propio TREMEDAL.

Organiza

Xestión Ambiental de Navarra, Universidade de Santiago de Compostela, TRAGSA, Universidade de Oviedo, P. N. dos Picos de Europa, Deputación Foral de Álava e HAZI.

Coa colaboración de: Goberno de Navarra, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Xardín Botánico Atlántico de Xixón, Goberno do Principado de Asturias, Xunta de Castela e León, Deputación Foral de Gipuzkoa e Goberno Vasco.

Contacto provisional

Xestión Ambiental de Navarra S.A.
tremedalnavarra@gmail.com

Sede do Seminario

O seminario celebrarase en Pamplona. Proximamente confirmarase o lugar e facilitarase información sobre aloxamentos e outros detalles de loxística.



AVANCE DE PROGRAMA

22 de outubro de 2015

A sesión inaugural estará a cargo dos responsables políticos dos distintos territorios participantes en TREMEDAL, que darán paso a catro sesións que se corresponden cos bloques temáticos desenvolvidos no proxecto.

As dúas primeiras sesións vanse desenvolver en horario de mañá e as dúas restantes, en horario de tarde.

En cada unha das sesións ou bloques temáticos van participar os técnicos responsables das distintas accións do proxecto, dos distintos territorios, e tamén os expertos invitados e membros do Comité Internacional de Asesoramento.

SESIÓN 1. Os humidais no contexto da conservación en Europa.

SESIÓN 2. Boas prácticas para a xestión e conservación dos humidais.

SESIÓN 3. Conservación de flora e fauna en humidais continentais.

SESIÓN 4. Servizos ecosistémicos dos humidais e outras funcións.

23 de outubro de 2015

Visita de campo

Visita técnica a distintas turbeiras do ámbito navarro de TREMEDAL. A visita realizarase en horario de mañá e tarde (en breve concretaranse os enclaves e outros detalles do programa).